

REGULAMENTO

cee.gal – deportes@concellocee.es

4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

SÁBADO 24 DE XUÑO

IV CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES CORRENDO POLA COSTA DA MORTE 2017
V CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS PROVINCIAIS 2017

ORGANIZA:



CONCELLO DE CEE



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

PATROCINAN E COLABORAN:



La Voz de Galicia



ASOCIACIÓN
PRO ENFERMOS
MENTALES



GRUPO nsua
Costa da Morte



IBERDROLA



CENTRO COMERCIAL
FINIS CERRAIE



Clínica
de
Fisioterapia

SAR



A.C. Baloncesto
COSTA DA MORTE



aecc
Contra el Cáncer





4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

2

ÍNDICE

	PÁX.
1. IDEOLOXÍA DA 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017	3
2. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS	4
3. PERCORRIDOS	5
4. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE	10
5. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS	11
6. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS	12
7. INSCRICIÓNS	13
8. CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS	15
9. ANEXO 1. MODELO AUTORIZACIÓN PATERNA	17
10. ANEXO 2. CARTEL DA 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017	18



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

IDEOLOXÍA DA 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

3

A 4ª Carreira Pedestre Concello de Cee 2017 que terá lugar o sábado 24 de xuño, enmárcase dentro do **Circuíto de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte”**, onde a ideoloxía non é outra que o fomento da práctica de actividade físico-deportiva como unha ferramenta máis para acadar unha vida máis saudable.

Esta proba está incluída no **Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo** e forma parte do **“V Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial da Coruña 2017”**.

Nesta carreira poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos e nenas como adultos (dende 3 anos).

IV CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 24.06.2017

HORARIO

- 18:00 Pitufo
- 18:10 Benxamin
- 18:25 Alevín
- 18:40 Absoluta 3K Contra o Cancro + acce
Infantil, Cadete, Xuvenil
- 19:10 10 K Senior, M40, M50 e Adaptada
- 20:15 Entrega de trofeos

INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN: www.championchipnorte.com e Concello de Cee
 REMATE DE INSCRICIÓNS: 21 de xuño
 FILA 0: as persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial contra o Cancro, sen participar na carreira, poderán facelo inscribíndose no apartado Fila 0 que aparecerá na web www.championchipnorte.com

facebook

IV CIRCUITO 2017
máis preto de ti
 Susana Gómez Castiñeira, madriña do Circuito

organiza: Concello de CEE

patrocinadores de circuito: Boya, Esclatone DEPORTES, Coca-Cola, Sa Voz de Galiza

colaboradores de circuito: Surobor, Asociación Deportiva Alameda, GADIS

patrocinadores locais: Bazaros, GRUPO SLB, SAR, IBERDROLA

Cartel 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

REGULAMENTO 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017 – SÁBADO 24 DE XUÑO

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n • 15270 CEE • Telfs. 981 74 51 00 - 981 74 69 66 • Fax: 981 74 67 57
 C.I.F.: P - 1502300 - E correo@cee.dicoruna.es



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS

4

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIA	HORARIO SAÍDA
Pitufo	Mixto	2010-2014 (ambos incluídos)	400 metros	18:00 horas
Benxamín	Masculino Femenino	2009-2008	1.000 metros	18:10 horas
Alevín	Masculino Femenino	2007-2006	1.000 metros	18:25 horas
Infantil	Masculino Femenino	2005-2004		
Cadete	Masculino Femenino	2003-2002		
Xuvenil	Masculino Femenino	2001-2000	3.400 metros	18:40 horas
Sénior 3K <small>Contra o Cancro</small>	Masculino Femenino	1999 (incluído) e anteriores		
Sénior 10K	Masculino Femenino	1977-1998		
Veteranos M40	Masculino Femenino	1967-1976		
Veteranos M50	Masculino Femenino	1966 (incluído) e anteriores	10.200 metros	19:10 horas
Cadeiras de rodas	Masculino Femenino	2001 (incluído) e anteriores		
Hanbbike	Masculino Femenino	2001 (incluído) e anteriores		

- Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo concello organizador e poderán ser consultados en www.championchipnorte.com así coma na web municipal cee.gal



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017


cee.gal – deportes@concellocee.es

ERCORRIDOS

5

Todos e cada un dos circuítos discorren polo núcleo urbano da vila.

Carreira 1: PITUFOS (400 metros)



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao “**CIRCUÍTO A**”. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Museo Fundación Fernando Blanco e chegada diante do Concello.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=9451315>



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

Carreira 2: BENXAMÍN (1.000 metros)

6



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao “CIRCUÍTO B”. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, antiga Escola de Música Municipal, Rúa Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa de Cultura, Rúa Europa e chegada diante do Concello.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=9451170>



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

Carreira 3: ALEVÍN (1.000 metros)

7



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao **“CIRCUÍTO B”**. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, antiga Escola de Música Municipal, Rúa Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa de Cultura, Rúa Europa e chegada diante do Concello.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=9451170>




4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

Carreira 4: INFANTIL, CADETE, XUVENIL e SÉNIOR 3K Contra o Cancro (3.400 metros)

8



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao **“CIRCUITO C”**. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, Rúa Rosalía de Castro, Rúa da Mariña, Rúa Fornelo, Porto de Brens, Rúa Fornelo, Rúa da Mariña, Rúa do Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa da Cultura, Rúa Europa e Rúa Domingo Antonio de Andrade.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=16359361>




4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

Carreira 5: SÉNIOR 10K, VETERANOS M40, VETERANOS M50, CADEIRA DE RODAS E HANDBIKE (10.200 m.)

9



DESCRIPCIÓN: completar 3 voltas ao “CIRCUITO C”. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, Rúa Rosalía de Castro, Rúa da Mariña, Rúa Fornelo, Porto de Brens, Rúa Fornelo, Rúa da Mariña, Rúa do Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa da Cultura, Rúa Europa e Rúa Domingo Antonio de Andrade.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=16359361>



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

10

1. A 4ª **Carreira Pedestre Concello de Cee 2017** rexerese pola regulamentación de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes*).
2. A proba estará subscrita aos **seguros de responsabilidade civil** do Concello de Cee e da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
3. A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, consideraranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non estará amparada polos seguros da proba nin poderá participar de trofeos e obsequios.
8. As diferentes probas estarán controladas polo **Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo**.
9. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do regulamento xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da Federación Galega de Atletismo, RFEA e IAAF en vigor.
10. A organización da proba porá a disposición dos participantes (*previa identificación e acreditación*):
 - O **Pavillón Municipal de Cee** para que os participantes se podan cambiar e duchar (*sito na rúa da Escola s/n - Cee*).
 - **Servizo de garda roupa** para os participantes da proba que estará ubicado no 1º andar da Casa do Concello de Cee (*lugar de recolida de dorsais*).



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

- **Servizo de fisioterapia**, en colaboración coa Clínica de Fisioterapia Sar de Cee, para aqueles atletas que o precisen. Este servizo prestarase no interior da Carpa de Protección Civil de Cee que estará ubicada nas inmediacións da Casa do Concello de Cee (*na Praza 8 de marzo*).
11. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.
 12. Descualificacións:
 - O servizo médico da proba está facultado para retirar durante a carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - Todo atleta que non realice o percorrido completo que lle corresponda.
 - Todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.
 13. A carreira 10K estará sinalada cada quilómetro.
 14. Na carreira de 10K habilitarase, no punto 6.800 m., un avituallamento líquido. As demais carreiras terán un único avituallamento: o especial de meta.
 15. Xunto co dorsal e o chip farase entrega da camiseta conmemorativa aos participantes adultos.

11

DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores de idade** deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización (*ver anexo I*).

Dito modelo poderase descargar das páxinas web seguintes: cee.gal e/ou www.championchipnorte.com

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquiridos os compromisos que a continuación se expoñen:

- O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

- Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atención especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación, internet,... para a promoción do deporte. Do mesmo xeito calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

12

SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

Para controlar a proba estableceranse controis de cronometraxe por chip (*que deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas*).

Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías **agás pitufo** (*os chips serán facilitados pola organización*).

Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (*facilitados pola organización*).

O atleta que non porte chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuito.

O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.

Tanto os dorsais coma os chips (no caso de non posuílos) poderanse recoller nas mesas de inscrición habilitadas para tal fin no “1º andar da Casa do Concello de Cee” a partir das 16:30 horas e ata 30 minutos antes do inicio de cada carreira.

Os **corredores de circuito 10K ou 3K Contra o Cancro** que participan na liga deberán usar obrigatoriamente o **“chip amarelo”**. Asemade empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuito.

- Tanto o dorsal coma o chip (*no caso de no posuílo*) recollerase na primeira proba do circuito na que participe. A retirada de dorsal e chip deberase realizar como mínimo con 30 minutos de antelación ao inicio de cada carreira e dende as 16:30 horas.



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

- No caso de perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina web www.championchipnorte.com
- No caso da perda ou rotura do dorsal poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.

13

Os **corredores de carreira** e os **corredores de categorías de base (inferiores)** usarán “**chip de carreira (branco)**” que deberán devolver á organización ao remate da mesma.

Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas sancionarase coa expulsión do circuíto do portador e do atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no mesmo.

INSCRICIÓN

INSCRICIÓN DE CATEGORÍAS BASE (gratuítas)

As categorías base son: pitufo, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Existen dous tipos de inscrición para atletas de categoría base

Corredores de circuíto (todas as categorías agás Pitufo): son os atletas que participan na liga.

- As inscricións para os corredores/as de circuíto nesta proba están pechadas.

Corredores de carreira:

- 1) Plataforma championchip www.championchipnorte.com A **autorización paterna** deberase imprimir e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou cee.gal
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Servizo de Deportes do Concello de Cee.



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

Os participantes de categoría Pitufos poderán facer a inscrición do seguinte xeito:

14

- 1) Plataforma championship www.championchipnorte.com A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou cee.gal
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Servizo de Deportes do Concello de Cee.

INSCRICIÓNS PARA CATEGORÍA SÉNIOR, VETERANOS ADAPTADA

Existen dous tipos de inscrición para atletas adultos:

Corredores de circuíto: son os atletas que participan na liga 10K e 3K.

- As inscricións para os corredores/as de circuíto nesta proba están pechadas.

Corredores de carreira: son atletas que só participan de maneira puntual nalgunha das probas do circuíto.

- Os corredores de carreira poderán inscribirse na proba 10k ou na proba 3k Contra o Cancro.
- Non participan na liga.
- Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar.
- Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ao remate da proba.

As inscricións para os atletas de categorías sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com

Máis información referida a: “corredores de circuíto”, “corredores de carreira”, “tipos de competicións”, “competición por equipos”, “competición adaptada” etc; Enviar un e-mail a deportes@concellocee.es e facilitarase o regulamento xeral do “4º Circuito de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte 2017” onde se detallan todas estas cuestións.



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

COTAS DE INSCRIPCIÓN

15

A inscrición para as **categorías base será gratuíta** (de pitufo a xuvenil).

A **inscrición para os adultos (sénior e veteranos)** para esta proba concreta e independente terá un custo de **5 €** para aqueles corredores que teñan en propiedade o chip, e de **6 €** para aqueles que deban alugalo.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición rematará o **mércoles 21 de xuño ás 23:59 horas**.

CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS

CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS DE BASE

En categoría **pitufo** recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba segundo vaian chegando á meta. **NON SUBIRÁN AO PODIO**.

En categoría **benxamín** e **alevín** recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba segundo vaian chegando á meta. **SÓ SUBIRÁN AO PODIO OS TRES PRIMEIROS/AS CLASIFICADOS/AS EN CADA CATEGORÍA**.

En categoría **infantil, cadete e xuvenil** recibirán trofeo e **SUBIRÁN AO PODIO OS TRES PRIMEIROS/AS CLASIFICADOS/AS EN CADA UNHA DAS CATEGORÍAS**.

CLASIFICACIÓNS DA PROBA 3K CONTRA O CANCRO

Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba 3K Contra o Cancro.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

CLASIFICACIÓNS DA PROBA 10K

16

Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados en cada unha das categorías (sénior, M40, M50 e adaptada), independentemente da súa condición de *corredores de carreira* ou de *corredores de circuito*.

Recibirán trofeo o primeiro e primeira clasificado/a empadroadado/a do Concello de Cee.

Máis información referida á clasificación do circuito, por equipos, etc.; Enviar un e-mail a deportes@concellocee.es e facilitarase o regulamento xeral do "4º Circuito de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte 2017" onde se detallan todas estas cuestións.

CERIMONIA DE ENTREGA DE TROFEOS

Unha vez rematada a última proba, que será a sénior 10K (saída fixada para ás 19:10 horas), procederase ao acto de **entrega de trofeos previsto para ás 20:15 horas** nas inmediacións da Casa do Concello de Cee (*próximo á zona de saída e meta*).




4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017


cee.gal – deportes@concellocee.es

ANEXO 1. MODELO AUTORIZACIÓN PATERNA

17



PERMISO PATERNO
IV CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES CORRENDO POLA COSTA DA MORTE
IV CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE



DATOS DO ATLETA	
APELLIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	
(DD-MM-AA)	
DNI (se teñen)	
XÉNERO	<input type="checkbox"/> MASCULINO <input type="checkbox"/> FEMININO
(Marcar o que corresponde)	
ENDEREZO	
C.P. e POBOACIÓN	
CENTRO ENSINO	
TLF	
AUTORIZACIÓN (PAI, NAI, TITOR/A)	
APELLIDOS	
NOME	
DNI	
E-MAIL	
Autorizo ao meu fillo/a a participar	<input type="checkbox"/> CARREIRA DO CONCELLO DE CEE
(Marcar a opción que corresponde)	
SINATURA	

Cortar pola liña de puntos e presentar este permiso debidamente cuberto e asinado no momento de realizar a inscrición ou de recoller o dorsal.



Estimados pais:
O 24 DE XUÑO, temos previsto organizar a IV CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE. Nas probas poderán participar rapaces/zas nados entre os anos 2000 e 2014.

CATEGORÍAS	DISTANCIAS	HORA SAÍDA
Pitufos (2010-2014)	400 m	18:00
Benxamin (2008-2009)	1.000 m	18:10
Alevín (2006-2007)	1.000 m	18:25
Infantil (2005-2004)		
Cadete (2003-2002)	3.400 m	18:40
Xuvenil (2001-2000)		

A inscrición será gratuíta para estas categorías. A data límite de inscrición será o mércores 21 de xuño

As categorías base (dende pitufos ata xuvenis) poderán facer a inscrición de dúas maneiras:
1. A través de www.championchipnorte.com: introducindo os datos persoais do atleta. A autorización paterna deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com.
2. Presentando a autorización paterna (que aparece na parte dereita desta folia) debidamente cuberta e asinada, no Servizo de Deportes Municipal de Cee.

Os atletas inscritos deberán recoller o seu dorsal e CHIP dende as 16:30 h. ata media hora antes da súa carreira no 1º andar da Casa do Concello de Cee. A categoría PITUFOS solo levará dorsal (non chip).

Premios: En categoría pitufos levarán medalla todos/as os/as participantes. Nas categorías benxamin e alevín, levarán medalla todos os participantes, e subirán ao podio os/as tres primeiros/as de cada unha destas categorías. Nas categorías infantil, cadete e xuvenil levarán trofeo os/as tres primeiros/as participantes de cada categoría.



4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

cee.gal – deportes@concellocee.es

ANEXO 2. CARTEL DA 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017

**IV CARREIRA PEDESTRE
CONCELLO DE CEE
24.06.2017**

HORARIO

- 18:00 Pitufo
- 18:10 Benxamín
- 18:25 Alevín
- 18:40 Absoluta 3K Contra o Cancro aecc
Infantil, Cadete, Xuvenil
- 19:10 10 K Sénior, M40, M50 e Adaptada
- 20:15 Entrega de trofeos

INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN: www.championchipnorte.com e Concello de Cee
 REMATE DE INSCRICIÓNS: 21 de xuño
 FILA 0: as persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial contra o Cancro, sen participar na carreira, poderán facelo inscribindose no apartado Fila 0 que aparecerá na web www.championchipnorte.com

facebook
correndopolacostadamorte

IV CIRCUITO 2017
máis preto de ti
Susana Gómez Castiñeira, madriña do Circuito

patrocinadores de circuito:

- Boya
- Alquileres RENEYMAR
- Coca-Cola
- La Voz de Galicia

colaboradores de circuito:

- ourotop
- ASOCIACIÓN PRO ENTRENOS MENTALES
- GADIS

patrocinadores locais:

- BAZARRA
- GRUPON SUA
- Clínica de Fisioterapia SAR
- IBERDROLA
- Forma
- CLUB DE CICLISMO CEE

organiza:

REGULAMENTO 4ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2017 – SÁBADO 24 DE XUÑO

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n • 15270 CEE • Telfs. 981 74 51 00 - 981 74 69 66 • Fax: 981 74 67 57
 C.I.F.: P - 1502300 - E correo@cee.dicoruna.es